

PRINCIPIOS ÉTICOS E IDEOLÓXICOS DO ENCONTRO IRMANDIÑO

- 1. A ética na política.** Sen ética non hai democracia, e na esquerda, ética de esquerdas.
- 2. Fraternidade,** no senso da hexemonía da “lei civil”. A fraternidade significa politicamente o principio da cidadanía igualitaria como alicerce da estruturación política democrática da sociedade, significa democracia horizontal. Nunha organización política ven significar asemblearismo.
- 3. Cooperación,** como valor antitético da “competición”. Afirmamos que non pode haber socialismo nin esquerda sen que as pautas de conduta individual e de relación social consistan na cooperación. Afirmamos que, sen esa condición, nin sequera pode haber democracia, non hai esquerda que poida sobrevivir coa competición no seu seo.
- 4. República.** A república é unha forma de civilización e cultura socio-políticas. Asumimos a república como cultura civico-política, non só como configuración do aparello do poder político e do Estado. O nacionalismo galego foi sempre explicitamente republicano e non pode ser doutro xeito.
- 5. Democracia participativa.** Sen democracia participativa non hai democracia posíbel. Sen participación a democracia representativa esclerotízase e deriva en oligarquía, os partidos convértense en “aparatos” e as cámaras de representantes en parodias. Propugnamos reconstruír pontes entre a cidadanía e a instancia política, cos seus piares no tecido asociativo horizontal e diverso da cidadanía.
- 6. Primacía dos dereitos colectivos.** Porque a alternativa á asunción deste valor non é outra que o “sálvese quen poda”, a negación mesma da organización social.
- 7. Igualitarismo.** Este valor está proclamado en todas as constitucións políticas e cartas de dereitos fundamentais de todos os estados e institucións internacionais. Sen embargo a desigualdade agrávase, convertendo en papel mollado estas proclamas. Referímonos especialmente á desigualdade perante a lei -e non só as desigualdades económicas, sociais e culturais- ou sexa, ao principio democrático da “igualdade perante a lei”. Ao tempo proclamamos que non pode existir igualdade sen dereito á diferenza e respecto da diversidade.
- 8. E necesario tamén tomar conciencia das situacións de discriminación por razóns de xénero;** e moverse para a superación das mesmas: non pode haber igualdade ante a lei senón hai tamén igualdade real entre os individuos dunha sociedade.
- 9. Autodeterminación cara a independencia.** Só o combate pola nosa autodeterminación como pobo, orientada cara a independencia, poderá chegar a algures, só esa actitude suscitará respecto cara nós e os nosos dereitos civico-políticos. Compre elevar o ángulo de tiro na nosa pacífica e cívica proposta para chegarmos alén das posicións que defenden o actual marco xurídico – político, e, dende aí, sempre estaremos a tempo de negociar, se se acepta o uso da razón para acadar solución satisfactoria para a nosa reivindicación nacional.
- 10. Socialización.** Non pode haber democracia real e efectiva sen socialización como eixo do avance histórico dos pobos. A socialización é un proceso constante de aprendizaxe da convivencia, en interacción co seu contorno, non pode consistir na simple nacionalización ou colectivización das unidades e medios de produción, nin cinxirse á instancia económica de sociedade. Compre un debate de ideas amplo e veraz sobre a socialización e o socialismo na Galiza de hoxe e na conciencia nacionalista na presente conxuntura histórica.
- 11. Home novo/muller nova, unha nova cultura.** O logro do “home novo” e a “muller nova”, dun novo humanismo, constitúe o cerne de todo proceso revolucionario. Nós consideramos que todo nacionalismo emancipador é, no seu cerne, revolucionario. Xa era así na revolución irmandiña galega do século XV, na que os nosos ancestros servos, procuraban ao seu xeito o nacemento do “home novo” nas condicións do seu propio tempo histórico. Esa revolución pioneira na Europa de entón deixou unha pegada indelével na que, máis tarde, chegaría a ser a cultura do nacionalismo galego.



PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS E ESTATUTOS DO ENCONTRO IRMANDIÑO

1. DOS PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

A acción política do Encontro Irmandiño ira encamiñada á preservación dos rasgos identitarios da nación galega: a súa lingua, a súa cultura en tódalas súas expresións, a súa paisaxe e o seu territorio, así como a transformación da sociedade no camiño de conquistar a nosa soberanía nacional. Procurarase en todo caso a defensa do patrimonio material e inmaterial da Galiza, fronte a agresións de toda índole, internas ou externas, así como a súa difusión, promoción e posta en valor en tódolos ámbitos. O Encontro Irmandiño trata de reproducir no seu seo a sociedade que pretendemos construír. As relacións entre membros réxense pola Fraternidade, Cooperación, Liberdade, Democracia Participativa e Igualitarismo.

1.1. FRATERNIDADE, IGUALITARISMO.

A Fraternidade significa politicamente o principio da cidadanía igualitaria como alicerce e centro de gravidade da estruturación política democrática da sociedade, significa democracia horizontal. Para o Encontro Irmandiño a Fraternidade é, cara a fóra, a bandeira e guía do traballo político; dentro, significa igualdade de dereitos e deberes dos seus membros e respecto e colaboración mutua.

1.2. ASEMBLEARISMO

O E.I. como organización plural, aberta e participativa, basea o seu funcionamento nas decisións asemblearias. As coordinadoras e responsábeis poden ser revocados polo electorado en calquera momento, non tendo máis carácter e función que a de mandatarios e mandatarias dos plenarios ou asembleas.

1.3. DEMOCRACIA PARTICIPATIVA

A Democracia Participativa é a única forma de toma de decisións compatíbel cos obxectivos do E.I., e na Acción Política, é o xeito preferente de intervención e participación. A Acción Institucional, baseada no actual marco xurídico-político na democracia representativa, é para nós instrumental, e propoñémonos transcendela en todo o posíbel promovendo unha auténtica participación cidadá.

1.4. MAIORÍAS E MINORÍAS. ACORDOS.

As Decisións e Acordos do E.I. decídense por maiorías nos diferentes ámbitos. Na Acción Institucional e dentro do BNG serán vencellantes. Na Acción Social, serán só orientacións. Os irmandiños e as irmandiñas terán autonomía para modular os acordos do E.I., á realidade dos movementos sociais nos que interveñan.

1.5. ESTRUTURACIÓN TERRITORIAL.

O Encontro Irmandiño é a unión de todas as Irmandades Comarcais que o integran. Atendendo ao número de membros e á conveniencia operativa, poderán constituírse Irmandades Locais. Para a intervención sectorial, coa lasitude do punto anterior, poderán constituírse Grupos de Traballo nos diferentes niveis.

2. DA ORGANIZACIÓN

A integración no Encontro Irmandiño é individual. Previa presentación por dúas persoas afiliadas, poderán integrarse todas as persoas que mostren compartir os principios político-organizativos e será decidida pola Coordinadora da Irmandade despois dun período mínimo de tres meses como colaborador ou colaboradora. Para o caso de que unha nova incorporación ocasione discrepancias nunha Irmandade, a decisión será tomada pola Coordinadora Nacional.

2.1 DEREITOS E DEBERES DE MEMBROS.

2.1.1. SON DEREITOS DAS INTEGRANTES E OS INTEGRANTES DO ENCONTRO IRMANDIÑO:

2.1.1.1. Expresar libremente as súas opinións políticas nos debates.

2.1.1.2. Participar na toma de decisións e na actividade política do E.I.

2.1.1.3. Participar na elección e optar a todas as responsabilidades, dentro do E.I.

2.1.1.4. Recibir información e facer propostas ás Irmandades ou ao Encontro para a súa toma en consideración.

2.1.1.5. Recibir apoio solidario do Encontro en todos os problemas derivados da súa pertenza ao E.I..

2.1.2. SON DEBERES DAS INTEGRANTES E OS INTEGRANTES DO ENCONTRO IRMANDIÑO:

2.1.2.1. Actuar conforme aos principios políticos e estatutarios do E.I.

2.1.2.2. Contribuír na medida das súas posibilidades á definición e aplicación da liña política do E.I.

2.1.2.3. Irradiar no seu ámbito social a ética e os principios políticos do Encontro, acatar, co alcance do dito no punto 1.4., os acordos maioritarios, e abonar mensual e puntualmente o EURO DA IRMANDADE.

2.2 DAS IRMANDADES E DA ASEMBLEA DO ENCONTRO IRMANDIÑO.

2.2.1. As Irmandades Comarcais e Locais poderán contar con integrantes e/ou colaboradores ou colaboradoras. Cada Irmandade Comarcal integrada reunirase con periodicidade mínima bimensual e elixirá para atender e posicionarse sobre das cuestións urxentes, unha Coordinadora Comarcal e unha persoa representante para integrarse na Coordinadora Nacional.

2.2.2. A Asemblea Nacional é o órgano máximo do Encontro Irmandiño. Está composto por todos os membros das Irmandades integradas e reunirase con periodicidade anual. A participación será persoal e indelegábel.

2.2.3. Cando o número de membros dificulte a celebración do Plenario como Asemblea física, poderá acordarse pola Coordinadora Nacional, o uso dos instrumentos das TIC, garantindo a participación persoal e directa de todas e todos.

2.2.4. Corresponde á Asemblea definir a liña política e, en exclusiva, as modificacións estatutarias, e a resolución de recursos contra decisións disciplinarias.

2.3 DA COORDENADORA NACIONAL.

2.3.1. A Coordinadora Nacional está formada por unha persoa representante de cada Irmandade Comarcal integrada e polos membros eleitos e eleitas directamente pola Asemblea Nacional. A Asemblea fixará cada ano o número de membros de elección directa, garantindo que sempre sexa superior ao de representantes das Comarcas. A definición das Comarcas é a mesma que a determinada polo BNG.

Nesta primeira Asemblea do Encontro fíxase en dez o número de membros de elección directa.

2.3.2. A Coordinadora Nacional é o órgano máximo entre Asembleas e terá todas as competencias desta, agás as sinaladas como exclusivas no punto 2.2.4

2.3.3. De entre os membros eleitos e eleitas polo Plenario, a Coordinadora Nacional elixírase cando menos unha persoa Portavoz, un Secretario ou Secretaria con funcións de Organización e un Tesoureiro ou Tesoureira.



CARA A III ASEMBLEA DO ENCONTRO SEGUEN A SER OBXECTIVOS POLÍTICOS DO ENCONTRO

- A rexeneración democrática auténtica, profunda e efectiva do BNG, o traballo por un BNG frentista e asembleario, activo e vivo, participativo e capaz de reforzar o peso das políticas nacionalista e de esquerda nas institucións.
- A diferenciación clara do proxecto político, o BNG como ferramenta política e o plano da acción institucional, o BNG como forza de goberno na institucións autonómicas e locais, para que deixen de estar confundidos.

QUE É O QUE ESTÁ A PASAR

O institucionalismo non fai máis que medrar e o afastamento das loitas cívicas máis punteiras é cada vez máis patente. A política do BNG está cada vez máis condicionada e ao servizo do “BNG-Goberno”. A supeditación do proxecto estratéxico do BNG á acción institucional está a liquidar o BNG-organización como ferramenta ao servizo da cidadanía, que foi substituído por un aparello burocrático que suplanta a cotío as decisións que corresponderían as asembleas por decisións “técnicas”, coa progresiva exclusión-deserción da militancia.

O BNG, en gran medida, deixou de ser o referente político dos sectores máis dinámicos e socialmente transformadores, afastándose dos mesmos, cando non situándose en posicións contrarias, primando o labor institucional-administrativo sobre a acción política transformadora e convertendo ao BNG nunha organización ideoloxicamente ecléctica.

O BNG actúa e posiciónase as máis das veces secundando e amparando as decisións da instancia governamental. Son un claro exemplo disto o intento de control do SLG ou o distanciamento interesado perante movementos sociais como o “Galiza non se vende”. Este divorcio do BNG de quen aínda é unha parte importante da nosa base electoral tradicional pode traer consecuencias políticas moi graves.

O grupo maioritario, convertido nunha amalgama burocrática de poder, carente de base ideolóxica, e co obxectivo de reproducirse como tal para seguir tendo acceso e permanencia nos resortes de goberno e de simple xestión, non dubida en tratar de converter á base social do BNG, ao conxunto da militancia, nunha masa politicamente pasiva, unicamente activada periodicamente en ocasións conxunturais (campañas electorais, 25 de xullo, etc), pero sen capacidade real para definir, corrixi-lo e controlar a liña política do BNG e a propia acción institucional de goberno.

Conformar unha rede que permaneza e controle esa dinámica é o que mantén unido o núcleo burocrático de poder e niso non hai diferencias substanciais entre os seus membros. Esta esencia política do “estar” leva inexorablemente ao BNG a posturas cada vez máis politicamente centristas, que no futuro conformen unha equidistancia ideolóxica que permita seguir “estando” no goberno e nutrindo a rede clientelar. Unha infernal retroalimentación.

Ao mesmo tempo, a urdime de correntes, colectivos e partidos que noutrora exercían o pluralismo político que dá sentido ao “proxecto común” non existe como tal ou atópase sumida nun desconcerto preocupante, a medio camiño entre a desesperanza e o medo a ser definitivamente posta fora da “foto”. A pluralidade esmorece ao mesmo ritmo que o BNG-organización.

Cando outros movementos políticos de vangarda en todo o mundo están a avanzar no camiño que o BNG andou nos anos 80 e 90, en constante medre social e electoral e con total independencia de calquera poder alleo, o BNG abandona o seu proxecto constitutivo fundacional, pulando o grupo dominante por transformar ao BNG nunha simple organización ao servizo da acción institucional de goberno.

O BNG, que foi pioneiro no mundo como creación política da Sociedade Galega, en ofrecer unha alternativa aos partidos clásicos convertidos en meros aparellos electorais incapaces de trasladar as necesidades sociais á instancia política, está a percorrer aceleradamente o camiño inverso.

O Encontro Irmandiño estase a converter no seo do BNG nun referente, non tanto polo noso activismo como pola nosa postura de dignidade íntegra e a situación de desconcerto a que vimos de aludir. Pero ao mesmo tempo é tratado dende a maioría gobernante como “oposición” no canto de valorar a nosa leal colaboración e crítica.

A dialéctica interna, pode configurarse cada vez máis en dous polos: a coalición dominante os que se posicionan exclusivamente en base ao mantemento do cargo ou status outorgado e os que seguimos coidando que as relacións internas deben seguir a basearse nos principios constitutivos da fronte. O ENCONTRO IRMANDIÑO sempre se situou entre os segundos.

O NOSO TRABALLO E O NOSO ACTIVISMO NO BNG

Somos e facemos BNG. Estamos nos órganos de dirección e asumimos as responsabilidades. Estamos a enfrontar esta situación dende a diferenza pero tamén dende a lealdade á organización. Se entramos é para traballar nas responsabilidades políticas que nos ten asignado a militancia.

Nós, comprendemos a democracia non só como a decisión das maiorías senón como o respecto escrupuloso das minorías. Aquí reside a tensión democrática que defendemos, porque se non acabamos por converter a política interna do BNG nunha dialéctica de alícuotas de poder excluíntes cando deberían ser inclusivas.

Aínda así coa situación antes apuntada, e co constante sometemento á chantaxe de non prexudicar ao BNG, tratan de impedir e dificultar a nosa acción. Ficou demostrado que coa simple interlocución na Executiva e no Consello Nacional (así como nos demais órganos de dirección comarcal e local) non abonda. E non abonda porque nin a Executiva nin o Consello Nacional, nin os demais órganos de dirección comarcal e local, son os ámbitos de toma de decisión real nin son as fontes de información para a militancia. A maioría gobernante hai tempo que para o importante se serve case en exclusiva dos medios de comunicación convertendo aos militantes en meros consumidores de mensaxes políticos.

A lóxica da dirección do BNG é a lóxica das maiorías e minorías aritméticas, incumprindo a vontade de consenso explicitada na XII Asemblea Nacional no momento de presentar unha única candidatura para a Executiva integrada polas distintas listas. E o seu principal instrumento a propaganda externa mais sobre todo interna a traveso dos medios de comunicación que comparten coa maioría gobernante o obxectivo da domesticación do BNG cara o explicitado obxectivo de nos homologar coas forzas políticas normais.

AS NOSAS PROPOSTAS PARA A ACCIÓN GOBERNO DO BNG

Trátase de fixar criterios e argumentos para os membros do Encontro a título individual e para os seus representantes nos órganos de dirección do BNG, que sirvan como liñas ou bases para enxuizar e propoñer a acción política institucional do BNG.

- Continuar a afondar no cambio de xestión nas institucións, nomeadamente onde o BNG forme parte en maior ou menor medida do goberno, pero sen sacrificar a transparencia á eficiencia e en todo caso evitando a administración paralela e as redes clientelares que deturpan a acción da administración pública. Isto leva implícita a defensa irrenunciábel dun sector público transparente e eficaz, ao servizo, única e exclusivamente, da cidadanía.
- Exercer as competencias estatutarias até o límite sobre de todo no que se refire aos recursos naturais e aos sectores produtivos estratéxicos sen nos deixar arrastra pola submisión reverencial do PSOE ás políticas da Unión Europea; exercer as competencias exclusivas que ten Galiza en agricultura fronte ás limitacións europeas á produción, é imprescindible para o futuro do agro mais tamén é o mellor xeito de evidenciar a necesidade de ampliar un autogoberno se non permite garantir a nosa soberanía alimentaria.
- Establecer e impulsar políticas de participación da cidadanía, nas diferentes instancias nas que se asume responsabilidade política.

IDEAS DE ACCIÓN POLÍTICA

- O labor básico de rexeneración democrática do BNG contido nos nosos documentos fundacionais ten que ser reforzado dende un novo pensamento. Defensa dos principios organizativos de pluralismo e democracia interna no BNG.
- Non podemos renunciar a recuperar a fórmula asemblear para as Asembleas Nacionais. Non a un Congreso por delegados/as.
- O Encontro Irmandiño deberá artellar mecanismos de interacción cos movementos sociais para canalizar as demandas dos sectores sociais máis comprometidos e así resintonizar o BNG cos movementos sociais do País e do mundo.
- Manter o rumbo político do BNG afastado da viaxe ao centro auspiciada pola maioría dominante. Revivir ou resucitar e recuperar o BNG como instrumento ao servizo do pobo galego para a súa emancipación nacional e social.
- Afortalar a liña ideolóxico-política de esquerdas no BNG.

LIÑAS DE TRABALLO

- A nosa acción ten que ser máis visíbel ao conxunto do BNG e mesmo na súa base social.
- Encontro Irmandiño con voz propia. Non podemos seguir permanecendo calados fronte a determinadas circunstancias e conflitos. Cómpre establecer canles dinámicas de comunicación e interacción coa militancia e se for preciso empregar outros mecanismos máis mediáticos. Para este fin temos que redobrar esforzos de dotarnos dun mínimo de recursos económicos e humanos que nos force a todas e todos a sostermos no tempo o esforzo que ate agora so fomos capaces de realizar urxidos pola necesidade da Asemblea Nacional do BNG ou do Encontro.
- O obxectivo interno do Encontro é medrar, acumular forzas. Organizarnos a todas as xentes do BNG que sintonizaron con nós dende a XII Asemblea Nacional, unha organización simple pero democrática e eficiente. Intensificar os pasos que se están a dar. E formalizar o Encontro Irmandiño como corrente organizada, como de facto xa o é, dentro do BNG.
- Debemos tamén mellorar a interlocución cos grupos e ámbitos do BNG que comparten con nós os obxectivo básico de rexeneración do BNG con vista a artellar masa crítica suficiente que permita avanzar no traballo acordado e manter con garantías de éxito unha dialéctica política coa maioría dominante.
- Cara as Eleccións Autonómicas de marzo de 2009 o traballo das persoas que integramos o Encontro Irmandiño debe ser un esforzo importante e xeneroso, coma sempre, pero previamente debemos inducir na Asemblea do BNG preceptiva para a designación do Candidato á Presidencia da Xunta unha reflexión seria sobre o traballo feito polo Goberno e a tirar as conclusións pertinentes tras esta primeira experiencia do BNG no Goberno Galego.
- Estudiar e traballar medidas políticas concretas que leven implícitas o afortalamiento da liña ideolóxico-política de esquerdas; comezando co plantexamento de políticas de dereitos civís, tais como o tema da renda básica.

Galiza, xuño do 2008

